

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA 03/2021 CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 03/03/2021.**

Concelleiras e concelleiros presentes:

Alcalde-Presidente:

Secundino García Casal

Asistentes:

BNG:

María del Carmen Muiño Filgueira

Manuel Varela Mecías

Manuel Beceiro Couce

Ana Belén Breijo Gundín

Tomás Calvo García

PP:

María Belén Trigo Meizoso

María Esther Díaz Vergara

José Luis Hermida Prieto

PSOE:

Lois Anxo Rodríguez Calvo

Ausencias:

María Amparo Calvo González

Secretario-interventor:

Miguel A. Arroyo Moreno

Na Casa da Cultura do Concello de San Sadurniño, sendo as doce horas e trinta e un minutos do día tres de marzo do dous mil vinteun, comparecen as concelleiras e concelleiros arriba indicados, en presenza do devandito secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde en cumprimento do establecido no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e no Regulamento Orgánico deste Concello.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, iníciase a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (extraordinaria do 25 de febreiro de 2021).

2º.- Aprobación definitiva, se procede, do orzamento do Concello para 2021.

3º.- Aprobación, se procede, de convocatoria de axudas a entidades sen ánimo de lucro para gastos correntes 2020-2021.

4º.- Aprobación, se procede, de convocatoria de axudas escolares e becas de estudo para 2021.

5º.- Aprobación de declaración institucional polo 8 de marzo.

6º.- Moción do BNG sobre a transferencia da autovía AP-9 a Galiza.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (EXTRAORDINARIA DO 25/02/2021).

Dase conta da acta da indicada sesión. O Sr. Secretario aclara as modificacións introducidas nas actas anteriores a instancia do grupo popular. Feita a aclaración, apróbase por unanimidade.

SEGUNDO.- APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO DO CONCELLO PARA O 2021.

Consta no expediente a seguinte alegación presentada durante o período de información pública do Orzamento do Concello para o exercicio 2021 e que a continuación se reproduce:

“AL PLENO DE LA CORPORACIÓN MUNICIPAL DEL AYUNTAMIENTO DE SAN SADURNIÑO

D^a. Lourdes Pedrazuela Bea (lourdes.pedrazuela@facuso.com), con DNI núm. 50.703.814-S, en representación de la Unión Sindical Obrera (USO), con domicilio en A Coruña, en la Avenida del Ejército, núm. 10 – 1º C (CP 15006), como mejor proceda en derecho, comparece y dice: Que ha tenido conocimiento de que en la sesión celebrada el 28/01/2021 el Pleno de esa Corporación aprobó inicialmente el Presupuesto Municipal y el Cuadro de Personal para el ejercicio 2021 (BOP A Coruña núm. 22, de 03/02/2021), y que, por tanto, se encuentra en fase de exposición pública, formulo las siguientes:

ALEGACIONES

PRIMERA.- De acuerdo al artículo 162 y siguientes del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, la Unión Sindical Obrera (USO) reúne la condición de interesado en defensa de sus intereses propios, y está legitimada para la presentación de estas reclamaciones -art. 170.1 c)-

SEGUNDA.- Es oportuno destacar que, tal y como se refleja en el Anexo de Personal, se trata de un cuadro de personal que, luego de la aprobación de la última modificación de la Relación de Puestos de Trabajo (BOP A Coruña núm. 198, de 20/11/2020), deberán cubrirse definitivamente las plazas que se encuentran vacantes, funcionarizar las plazas que están ocupados por personal laboral y deben ser desempeñadas por funcionarios de carrera y proceder a la consolidación/estabilización de los empleados públicos temporales.

TERCERA.- Por último, para prestar servicios de calidad al ciudadano lo más importante en una Administración próxima y cercana al vecino son los empleados públicos (funcionarios y personal laboral) de una Administración Local, siendo necesario fomentar la creación de empleo estable y la prestación de un servicio público y de calidad.

Por todo lo anterior, formulo las presentes ALEGACIONES a la aprobación inicial del Presupuesto Municipal para el ejercicio 2021, por cuanto es necesario cubrir definitivamente las plazas que se encuentran vacantes en el Cuadro de Personal, funcionarizar las plazas que están ocupados por personal laboral y deben ser desempeñadas por funcionarios de carrera y proceder a la consolidación/estabilización de los empleados públicos temporales.”

Antes de iniciar o debate, vótase a inclusión do asunto na orde do día. Acórdase a súa inclusión por sete (7) votos a favor (BNG E PSOE) e tres (3) en contra (PP).

A voceira do BNG explica que se presentou unha alegación no sentido recollido no informe de Secretaría - Intervención que lee de xeito literal. Tal como foi exposto no debate da sesión correspondente a aprobación inicial do orzamento e como se recolle no informe de Secretaría - Intervención, o propio orzamento é a ferramenta que permite materializar os acordos recollidos na RPT, polo que entenden que non pode ser admitida a alegación xa que a aprobación do orzamento é necesaria para dar saída ós acordos da RPT.

O Sr. Rodriguez non ten nada que obxectar.

A Sr. Trigo non ten nada que obxectar.

Sometido finalmente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de seis (6) votos favorables, das concelleiras e concelleiros presentes do BNG, tres (3) votos en contra das concelleiras e concelleiro do PP e unha (1) abstención do concelleiro do PSOE, **acorda rexeitar a alegación presentada e aprobar definitivamente os orzamentos para o exercicio 2021.**

TERCEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVOCATORIA DE AXUDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA GASTOS CORRENTES 2020-2021.

Consta no expediente a seguinte proposta:

“BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA GASTO CORRENTE ÁS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios para a concesión de subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro de San Sadurniño para compensar os gastos correntes que tiveron ou teñan que afrontar desde o 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de marzo do ano 2021. O Concello de San Sadurniño é consciente de que a declaración do estado de alarma motivado pola aparición da COVID 19, no mes de marzo do ano 2020, veu truncar o normal funcionamento de todo o movemento asociativo e quere axudar a superar a difícil situación económica na que se atopan neste momento, contribuíndo a fortalecelas e que continúen sendo motor da participación cidadá nos asuntos públicos Para o financiamento desta convocatoria establécese un crédito de contía máxima de 3.000,00 euros, recollido no capítulo IV dos orzamentos municipais para o 2021 Os fins indicados anteriormente efectuaranse de conformidade coa normativa xeral en materia de subvencións, especialmente a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galiza, o seu regulamento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e demais normas complementarias e concordantes que rexerán para todo o non previsto nas presentes bases.

2. ENTIDADES BENEFICIARIAS

2.1.- Poderán solicitar as axudas establecidas nesta convocatoria todas as entidades sen ánimo de lucro do concello de San Sadurniño.

2.2.- Non poderán ser destinatarias de subvencións municipais: ☹ Aquelas entidades que non se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social. ☹ Aquelas entidades que teñan pendente de xustificación algunha subvención concedida polo Concello.

2 ☹ As entidades coas que o Concello asine algún tipo de convenio de contido económico ou o tivera asinado durante a anualidade 2020.

3. GASTOS SUBVENCIONÁBEIS

3.1.- Gastos realizados desde o 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de marzo de 2021. Poderán ser obxecto de subvención os gastos que se sinalan a continuación :

- a) Gastos de mantemento, mellora das instalacións e equipamento das asociacións e entidades sen fin de lucro que dispoñan de instalacións en propiedade
- b) Gastos de funcionamento ordinario como telefonía, electricidade, limpeza, papelería, seguros de responsabilidade civil, etc..
- c) Gastos en materiais de prevención da COVID 19
- d) Outros gastos ordinarios

4. CUANTÍA DA AXUDA

4.1.- A contía da axuda calcularase coa aplicación da seguinte fórmula: $Vp=3.000/Pt$ Sendo Vp o valor do punto e Pt a suma dos gastos presentados polas entidades solicitantes A contía da axuda será o resultado da multiplicación do valor de Vp pola suma dos gastos presentados por cada solicitude.

4.2.- As subvencións que se outorguen ó abeiro do establecido nas presentes bases serán compatibles con outras axudas para a mesma finalidade, calquera que sexa a súa procedencia, pero en ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da dos gastos que se xustifican.

4.3.- A subvención aprobada poderá ser revisada unha vez coñecido o financiamento do gasto a través das achegas complementarias de axudas doutras entidades, así como, no seu caso, outros ingresos. 3

5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA

5.1.- Para o financiamento desta convocatoria establécese un crédito de contía máxima de 3.000,00 euros, recollido no capítulo IV dos orzamentos municipais para o 2021.

6. DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA

- a) Impreso de solicitude, debidamente cumprimentado (Anexo I).
- b) Facturas dos gastos para os que solicita a axuda xunto co xustificante bancario do pago das mesmas.
- c) As entidades que presenten gastos aos que fai referencia o punto 3.a) destas bases; documentación acreditativa de titularidade da instalación
- d) Certificación orixinal dos datos bancarios

e) Certificación acreditativa dos cargos representativos e copia da acta onde figure a composición actual da Xunta directiva. Non será necesario achegar esta certificación se esta información está actualizada no Rexistro Municipal de Entidades.

7. PRESENTACIÓN E PRAZO

7.1.- As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións públicas, ata o 15 de abril de 2021.

7.2.- No suposto de que as solicitudes presentadas non reúnan os requisitos sinalados, requirirase ás entidades ou persoas interesadas para que no prazo de dez días hábiles emenden as anomalías advertidas. No caso contrario procederase ao arquivo da solicitude. As solicitudes presentadas fóra de prazo non terán dereito a participar na convocatoria.

8. INSTRUCIÓN E ÓRGANO INSTRUTOR

8.1.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao técnico do Servizo de Cultura. O técnico do servizo realizará de oficio cantas 4 actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución. As actividades de instrución comprenderán:

a) Petición de cantos informes estime necesarios ou aqueles que sexan esixidos polas normas que regulen as subvencións

b) Avaliación das solicitudes, realizada segundo os criterios de valoración establecidos no punto 4 desta convocatoria Unha vez avaliadas as solicitudes, a concesión de subvencións realizarase por resolución da Xunta de Goberno Local a proposta motivada da Comisión cualificadora.

8.2.- Poderase conceder, no caso de que se considerase preciso pola incorporación ó expediente de alegacións e probas distintas das formuladas polas entidades solicitantes, un prazo de dez días hábiles para presentaren alegacións, pasado o cal formularíase a proposta de resolución definitiva.

9. COMISIÓN CUALIFICADORA

9.1.- A Comisión cualificadora estará composta polo Alcalde-Presidente ou concelleiro ou concelleira en quen delegue, a Concelleira de Cultura, Educación e Coordinación de Programacións, un concelleiro ou concelleira de cada grupo político con representación na corporación e un/unha funcionario/a ou traballador/a do Concello, con voz e sen voto, nomeado polo Alcalde-Presidente que exercerá de secretario/a da Comisión cualificadora.

10. RESOLUCIÓN

10.1.- O estudo e, de ser o caso, a concesión ou denegación de axudas económicas, realizarase unha vez revisadas as solicitudes presentadas elaborándose proposta de resolución que, logo do informe de Intervención, será resolta pola Xunta de Goberno Local concedendo ou denegando a axuda.

10.2.- Na resolución, no caso de ser positiva, farase constar a contía da subvención.

10.3.- A resolución pon fin á vía administrativa.

11. ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN E COMPROMISOS

11.1.- *A subvención entenderase aceptada se dentro do prazo do mes seguinte á recepción da comunicación da concesión, non manifesta nada en contra.*

11.2.- *As entidades beneficiarias someteranse ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención polo Concello de San Sadurniño, cos medios que estime oportunos e facilitará tanta información sexa requirida polo Consello de Contas, de ser o caso. A obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras Administracións, entidades ou persoas físicas poden dar lugar á modificación da resolución de outorgamento.*

12.PRAZO E XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

12.1.- *Para poder percibiren as subvencións concedidas de acordo coas presentes bases, as beneficiarias presentarán a documentación xustificativa no Rexistro xeral do Concello antes do 30 de abril de 2021, podendo ser ampliado este prazo en casos particulares, e sempre con previa petición razoada e por causas xustificadas.*

12.2.- *A documentación xustificativa será a seguinte:*

a) *Instancia subscrita pola persoa representante da entidade solicitante dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de San Sadurniño, na que se solicite o pagamento da subvención no número de conta corrente indicado na solicitude*

b) *Relación detallada das subvencións recibidas doutras entidades públicas ou privadas, para a sufragar os gastos obxecto desta subvención*

13.PROCEDIMENTO SANCIONADOR

13.1.- *As entidades beneficiarias das subvencións quedarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador establecidos na Lei xeral presupostaria.*

13.2.- *As sancións, no seu caso, serán acordadas e impostas pola Xunta de Goberno Local.*

14.RECURSOS

14.1.- *Contra o acto administrativo polo que se resolva o procedemento de concesión de subvencións, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, ao abeiro do establecido no art. 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o que se fai público para xeral coñecemento e ós efectos legais procedentes.*

*Antes de expoñer a proposta, sométese a **votación sobre a inclusión do asunto na orde do día** cun resultado de sete (7) votos a favor dos concelleiros e concelleiras presentes do BNG e do PSOE e tres (3) votos en contra das concelleiras e concelleiro do PP.*

A voceira do BNG expón a proposta e comeza o debate da mesma.

O Sr. Rodriguez expresa o seu acordo coa proposta.

A Sra. Díaz sinala que o ano pasado se fixo unha reunión co Consello de Participación Veciñal e se expuxo a situación. De ahí saiu unha proposta consensuada entre as entidades e o Concello. O Grupo popular entende que a convocatoria que se presenta no Pleno non se corresponde co citado acordo. Naquel momento acordouse que durante o ano 2020 non se convocarían axudas xa fose para actividades ou gastos correntes. Sen embargo se acordou que se puidesen subvencionar eses gastos sempre que se presentara unha memoria, xustificación de gastos etc,

antes do 31 de outubro. Consideran que neste momento as entidades atópanse algo perdidas ó pensar que estaban a cumprir cos requisitos de xustificación de gastos o 31 de outubro. O que botan de menos é que antes de levar a pleno a proposta, se convocara ó Consello de Participación veciñal para explicar o cambio. Hai entidades que presentaron esa documentación antes do 31 de outubro e que a día de hoxe non obtiveron resposta. Se as entidades cumpriron coa súa responsabilidade de presentar a documentación antes do 31 de outubro deberían ter unha resposata aínda que fora para explicar este cambio. O grupo popular considera que previamente o Concello debería terse reunido coas entidades, escoitar as súas demandas e publicar unhas bases consensuadas con eles e axeitadas ás dificultades experimentadas o ano pasado. A contía é insuficiente vendo o número de entidades sen animo de lucro e os gastos que se van a poder subvencionar. Non entenden que se vaian a financiar os gastos do ano pasado e de tres meses de este ano porque iso levara a que sexa discriminatorio dunhas entidades a outras. Por exemplo, no caso dun gasto anual coma un seguro de responsabilidade civil, poderá xustificar o do ano pasado e o deste ano se a prima aboouse nestes tres meses. Haberá entidades que non poidan concurrir porque o gasto aboarase en maio. Nótase a falta de concordancia coas entidades porque agora estase sacando unha partida de subvencións para melloras de instalacións e equipamentos pero isto non acordou no Consello de Participación Veciñal do ano pasado senón que se dixo foi que non habería convocatoria de subvencións para gastos do 2020 polo que as entidades non tiveron coñecemento de que eses gastos serían subvencionables polo que ás entidades xa se lles pasou o tempo de facer eses traballos. Reitera que a colaboración entre o concello e as entidades funcione de mellor maneira. Se existe un Consello de Participación Veciñal debería convocarse. A convocatoria establece un prazo ata o 15 de abril para a presentación de solicitudes. A partir dese momento hai que resolver a subvención cun procedemento. O que se di é que dende o momento en que se comunique a entidade que se concede a subvención, está terá un prazo de un mes para aceptala ou non. O mesmo tempo se di que o prazo para a xustificación remata o 30 de abril. Iso pode levar a equívocos e habería que clarificar o máximo posible para que se poida concurrir con seguridade.

Comeza a quenda de réplica a voceira do BNG. En relación a cuestións de formulación da convocatoria agradece que de cara o pleno se extendan nas propostas cando na xunta de portavoces previa o pleno onde se pode recoller calquera tipo de aportación para introducir non se teñan realizado. Fíxose algún tipo de observación pero sobre todo en canto a recoller ou non o relacionado co gasto para actividades.

Admite que a convocatoria do Consello de Participación Veciñal está condicionado polas restriccións da segunda e terceira onda. De cara a facilitar a reunión do consello está previsto activar formación para que as entidades, a traves da aula CEMIT, poidan conectarse para reunións telemáticas. Hai que recoñecer que para moitas delas está resultando un condicionante para a súa participación. A intención do Concello é reactivar a dinámica de participación. En breve se convocara o Consello.

En atención ás necesidades das entidades, tal e como se expuxo, no mes de xuño a maioría das entidades que participaron na xuntanza trasladaron as dificultades en torno o desenvolvemento de actividades. Entre os acordos ós que se chegou figura o relativo ó de financiamento de gastos ordinarios que xurdiran si se dera o caso. Tamén se concreta que aquelas entidades que tiveran previsto realizar actividades presentarían unha memoria das actividades que preveían desenvolver e trasladarían a concello para a súa valoración. O que sucedeu foi que no prazo previsto ata o 31 de outubro, as entidades que presentaron solicitude a presentaron con actividades xa realizadas e solicitando a financiación de gastos que a maioría corresponde a gasto ordinario. En todo caso, cando se fai unha convocatoria de subvención en ningún momento vai a cubrir a totalidade dos custos xa que cada entidade tamén ten uns ingresos e non se pode derivar nun sobrefinanciamento dalgunhas entidades.

Con estas bases e atendendo a información que se ten das entidades, pódese dicir que a porcentaxe de financiamento a recibir será mesmo superior á porcentaxe de financiación doutras convocatorias anteriores. Da resposta ás necesidades do ano 2020 polo que si hai resposta ás entidades. Admite que dada a situación epidemiolóxica, complícase unha comunicación todo o fluida que se desexaría coas entidades e o normal funcionamento do Consello de Participación Veciñal.

Si se está dando resposta as necesidades das entidades tendo en conta aquelas solicitudes que se presentaron en outubro e que foron analizadas e valoradas, das que xurden as bases que se levan a Pleno.

Insiste en que as propostas de mellora hai que plantealas nas xuntanzas que se teñen ó efecto e non esperar á celebración do Pleno para propoñelas.

A Sr. Diaz sinala que as propostas as plantexan no Pleno porque este non veu precedido dunha Comisión Informativa. Feita esa observación, igual o grupo de goberno entende a insistencia en que haxa Comisións Informativas onde os grupos poidan propoñer e levar ó Pleno propostas consensuadas. Incide en que dende o Concello tamén hai outros modos de comunicarse de xeito non presencial.

O Sr. Secretario – Interventor sinala que dado que a proposta non foi dictaminada pola Comisión Informativa, ten que aprobarse a súa inclusión na orde do día.

A voceira do grupo de goberno sinala que aínda que non houbo Comisión informativa, si se celebrou Xunta de voceiros onde se entregou a proposta que se está a debatir e polo tanto houbo oportunidade de discutir sobre elas.

O Sr. Rodriguez expón que el mesmo propuxo que non se celebrara Comisión Informativa porque non podería asistir por cuestións laborais inaplazables e se acordou xunto coa voceira do Partido Popular que non se celebrara a mesma sen que ninguén se opuxera.

O Sr. Secretario – Interventor aclara que a lei sinala que nos municipios de poboación inferior a 5000 habitantes non é obrigatoria a existencia de Comisións Informativas polo que a obrigatoriedade da súa celebración ten certos matices. Non está a dicir que non sexan necesarias pero si debe tomarse en consideración certos matices.

O Sr. Alcalde aclara que se trata dunha subvención puntual e que despois deste prazo en función de si se normaliza a situación, o obxectivo e aprobar unha liña de axudas habitual co resto da partida ou habilitando máis crédito. Ata agora, coa última onda a situación foi excepcional. Cando se falaba do que se acordara no Consello de Participación Veciñal, estase a falar de xuño do ano pasado recén saídos do primeiro confinamento. Pasado o verán, apareceu a segunda e terceira onda polo que se trata dun ano excepcional polo que, o que se acordou en xuño quedou totalmente descontextualizado. As bases son moi sinxelas para cubrir a inmesa maioría dos gastos ordinarios das entidades xa que estas, salvo dúas, non teñen locais en propiedade. As demais utilizan instalacións do Concello polo que é este quen sufraga os gastos daquelas.

Non se celebrou comisión informativa porque así se falou na xunta de voceiros e porque precisamente este Pleno se celebra con carácter urxente para poder aprobar as bases e convocatoria das becas escolares e a aprobación definitiva do orzamento.

A continuación procédese á **votación sobre a inclusión do asunto na orde do día** cun resultado de sete (7) votos a favor dos concelleiros e concelleiras presentes do BNG e do PSOE e tres (3) votos en contra das concelleiras e concelleiro do PP.

Sometido finalmente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade, **acorda aprobar as bases da convocatoria para a concesión de subvencións para o gasto corrente ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de San Sadurniño.**

CUARTO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVOCATORIA DE AXUDAS ESCOLARES E BECAS DE ESTUDO PARA O 2021.

Consta no expediente a seguinte proposta:

“BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS PARA O ESTUDO E AXUDAS PARA SUFRAGAR GASTOS DOS SERVIZOS PRESTADOS NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL “A ROLADA” ANO 2021 EXPOSICIÓN DE MOTIVOS O artigo 80 do capítulo II da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, refírese á compensación das desigualdades na Educación especificando que “co fin de facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación, as Administracións públicas desenvolverán accións de carácter compensatorio en relación coas persoas, grupos e ámbitos territoriais que se encontren en situacións desfavorábeis e proverán os recursos económicos e os apoios precisos para iso”. Máis concretamente, o artigo 83 da citada Lei establece taxativamente que “para garantir a igualdade a todas as persoas no exercicio do dereito á educación, os estudantes con condicións socioeconómicas desfavorábeis terán dereito a obter becas e axudas ao estudo. Na ensinanza posobrigatoria as becas e axudas ó estudo terán en conta ademais o rendemento escolar do alumnado”. O acceso ó ensino é un dereito de toda a cidadanía, independentemente da súa situación económica e do seu lugar de residencia. Ao grande esforzo que lle supón ás familias a compra do material escolar, roupa, calzado..., para os seus fillos e fillas, hai que engadirlle os gastos de transporte no ensino posobrigatorio, gastos estes últimos, moi superiores pola nosa condición de concello rural. Hai que destacar tamén nestes momentos o incremento dos gastos motivados por todas as medidas anticovid que teñen que soportar as familias. O Concello, como Administración pública máis próxima á cidadanía, pode e debe poñer todos os recursos económicos dos que poida dispoñer para contribuír, mediante o establecemento de bolsas de estudos, aos gastos que lles supón ás

familias o ensino dos seus fillos e fillas. O investimento na educación é sempre unha garantía de futuro para calquera sociedade. Xa que logo, desde o Concello de San Sadurniño considérase necesaria a creación dun sistema regrado de bolsas escolares para estudantes do noso Concello, así como axudas ás familias usuarias da Escola Infantil Municipal de San Sadurniño "A Rolada" para garantir a conciliación da súa vida laboral e familiar. **ARTIGO 1. OBXECTO** O obxecto destas bases é o de regular a concesión de bolsas para gastos derivados do estudo e axudas para sufragar gastos xurdidos dos servizos de conciliación da súa vida laboral e familiar prestados na Escola Infantil Municipal "A Rolada", por parte do Concello de San Sadurniño, para o ano 2021. Para o financiamento deste programa de bolsas escolares establécese un crédito de contía máxima de 40.000,00 euros, recollidos nos orzamentos municipais para o 2021. Desta cantidade, 33.000,00 euros serán para axudas ó estudo, dos cales 16.000,00 euros irán destinados ós estudos posobrigatorios, 16.000,00 euros ós estudos obrigatorios e 1.000,00 euros ao 2º ciclo de educación infantil, tal e como se describe nas presentes bases. Para o financiamento das axudas para sufragar gastos dos servizos de conciliación da súa vida laboral e familiar prestados na Escola Infantil Municipal "A Rolada", establécese un crédito de contía máxima de 5.000,00 euros que serán distribuídos segundo o establecido no artigo 2 destas bases. Os 2.000,00 euros restantes serán para atender posíbeis casos de situacións socioeconómicas especiais, previo informe social con proposta da cantidade e que serán valorados polos departamentos municipais de benestar social e igualdade. **ARTIGO 2. AXUDAS PARA GASTOS DO SERVIZO DE CONCILIACIÓN PRESTADO NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL " A ROLADA"** 2.1.) Persoas beneficiarias Pais e nais, titores legais ou familias acolledoras con menores nadas ou nados con posterioridade ao 31 de decembro de 2017 e que requiran dos servizos de conciliación prestados na Escola Infantil Municipal " A Rolada". 2.2.) Requisitos específicos das persoas beneficiarias a) Ter o neno ou a nena matriculada na Escola Infantil Municipal de San Sadurniño ou notificada a aceptación da praza por parte de Concello, previo ao peche do prazo de presentación das solicitudes e non ser beneficiario da gratuidade polo segundo fillo. b) Que a renda anual da unidade familiar non supere os 25.000,00 euros. c) Estar empadroada no Concello de San Sadurniño, con data de alta no padrón municipal anterior á aprobación destas bases no órgano competente do Concello de San Sadurniño. d) Que os membros da unidade familiar se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, extremo que se comprobará de oficio polo propio concello. e) Non estar incurso en causa de inhabilitación ou prohibición para percibir axudas públicas. f) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas por reintegro de subvencións. 2.3.) Contía máxima da bolsa: A contía máxima desta axuda será o 50% dos gastos anuais efectivamente realizados e xustificados, cun importe máximo de 1.500,00 euros anuais por menor matriculado na Escola Infantil Municipal "A Rolada". Os gastos terán que corresponder ao curso 2020-2021. 2.4.) Documentación requirida a) Impreso de solicitude, debidamente cumprimentado (Anexo I). b) Fotocopia do libro de familia no que figuren os membros da unidade familiar. c) Certificado de empadramento e convivencia (Expedirase de oficio por parte do Concello). d) Resgardo de matrícula do/a menor (Expedirase de oficio por parte do Concello). e) Fotocopia da declaración da renda do exercicio 2019 de todos os membros computables da unidade familiar. f) Autorización para a o Concello de San Sadurniño poida solicitar datos á Axencia Tributaria relativos ao nivel de renda (IRPF) e ao cumprimento de obrigas tributarias (Anexo II). g) Certificación da conta bancaria da persoa solicitante e/ou

beneficiaria da bolsa onde se recibirá a bolsa. h) Declaración responsable individual de todos os membros da unidade familiar de estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria e coa Axencia Tributaria Galega (Anexo III). ARTIGO 3. BOLSAS ESCOLARES PARA O 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL 3.1.) Persoas beneficiarias Familias con fillos ou fillas matriculados en algún dos cursos do 2º Ciclo de Educación Infantil, en centros públicos do Concello de San Sadurniño ou concellos limítrofes 3.2.) Requisitos específicos das persoas beneficiarias a) Ter o neno ou a nena matriculada no CPI do Concello de San Sadurniño ou noutro coléxio público dun concello limítrofe b) Que segundo o artigo 7 a renda anual da unidade familiar non supere os 9.000,00 euros c) Estar empadroada no Concello de San Sadurniño, con data de alta no padrón municipal anterior á aprobación destas bases polo órgano competente do Concello de San Sadurniño. d) Que os membros da unidade familiar se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, extremo que se comprobará de oficio polo propio concello. e) Non estar incurso en causa de inhabilitación ou prohibición para percibir axudas públicas. f) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas por reintegro de subvencións 3.3.) Contía máxima da bolsa: A contía máxima da bolsa para o 2º Ciclo de Educación Infantil será de 100,00 euros. 3.4.) Documentación requirida a) Impreso de solicitude, debidamente cumprimentado (Anexo I). b) Fotocopia do libro de familia no que figuren os membros da unidade familiar. c) Certificado de empadroamento e convivencia (Expedirase de oficio por parte do Concello). d) Fotocopia compulsada do resgardo de matrícula escolar do/a menor ou no seu defecto certificado do centro escolar no que estea matriculado e) Fotocopia da declaración da renda do exercicio 2018 de todos os membros computables da unidade familiar. f) Autorización para a o Concello de San Sadurniño poida solicitar datos á Axencia Tributaria relativos ao nivel de renda (IRPF) e ao cumprimento de obrigas tributarias (Anexo II). g) Certificación da conta bancaria da persoa solicitante onde se recibirá a bolsa. h) Declaración responsable individual de todos os membros da unidade familiar de estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria e coa Axencia Tributaria Galega (Anexo III). ARTIGO 4. BOLSAS ESCOLARES PARA ESTUDOS OBRIGATORIOS 4.1.) Persoas beneficiarias Alumnado que curse estudos obrigatorios (educación primaria e ESO), en centros públicos do Concello de San Sadurniño ou concellos limítrofes e que sexa beneficiario das axudas establecidas na orde do 12 de maio de 2020 da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional 4.2.) Requisitos específicos das persoas beneficiarias a) Ter o neno ou a nena matriculada no CPI do Concello de San Sadurniño ou noutro coléxio público dun concello limítrofe b) Ser beneficiario do das axudas establecidas na orde do 12 de maio de 2020 da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional c) Estar empadroada no Concello de San Sadurniño, con data de alta no padrón municipal anterior á aprobación destas bases polo órgano competente do Concello de San Sadurniño. d) Que os membros da unidade familiar se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, extremo que se comprobará de oficio polo propio concello. e) Non estar incurso en causa de inhabilitación ou prohibición para percibir axudas públicas. f) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas por reintegro de subvencións 4.3.) Contía da bolsa: A contía da bolsa para os estudos obrigatorios será de 200,00 euros. 4.4.) Documentación requirida Impreso de solicitude, debidamente cumprimentado (Anexo I). a) Impreso de solicitude, debidamente cumprimentado (Anexo I). b) Certificado da dirección do centro público no que esté matriculado o alumno ou alumna no que

se acredite que se é beneficiario das axudas establecidas na orde do 12 de maio de 2020 da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional c) Certificado de empadramento e convivencia (Expedirase de oficio por parte do Concello). d) Certificación da conta bancaria da persoa solicitante e/ou beneficiaria da bolsa onde se recibirá a bolsa. e) Declaración responsable individual de todos os membros da unidade familiar de estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria e coa Axencia Tributaria Galega (Anexo III). ARTIGO 5. BOLSAS PARA ESTUDOS POSOBRIGATORIOS 5.1.) Persoas beneficiarias Alumnado que curse estudos posobrigatorios regrados (bacharelatos, ciclos formativos, estudos universitarios oficiais de grao e de terceiro ciclo) en centros públicos fóra do Concello de San Sadurniño e dentro do territorio de Galiza. 5.2.) Requisitos específicos das persoas beneficiarias a) Estar matriculadas no curso completo dos estudos que se realizan, agás no caso dos que fagan estudos universitarios que deberán estar matriculados, como mínimo, no 50% dos créditos do curso correspondente. b) Que segundo o artigo 7 a renda anual da unidade familiar non supere os 18.000,00 euros. c) Estar empadroadada no Concello de San Sadurniño, con data de alta no padrón municipal anterior á aprobación destas bases polo órgano competente do Concello de San Sadurniño. d) Que os membros da unidade familiar se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, extremo que se comprobará de oficio polo propio concello. e) Non estar incurso en causa de inhabilitación ou prohibición para percibir axudas públicas. f) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas por reintegro de subvencións. 5.3.) Nota media do curso anterior A efectos de aplicar os criterios de valoración recollidos no artigo 8.1., a nota media do último curso escolar que de acceso aos estudos matriculados para os que se cursou esta solicitude, obterase calculando a media aritmética das cualificacións numéricas que consten no expediente. Para o cálculo desta media non se computarán as materias de Atención Educativa e Relixión. Se as notas veñen expresadas como cualificacións literais, considerarase a seguinte táboa de equivalencias para obter a media aritmética: Cualificación Equivalencia Non presentado/renuncia/non matriculado no curso anterior 2 Suspenso/insuficiente 2,5 Aprobado 5 Ben 6 Notable 7,5 Sobresaliente 9 Matrícula de honra 10 5.4.) Contía máxima da bolsa A contía máxima da bolsa para os estudos posobrigatorios será de 800,00 euros. 5.5.) Documentación requirida a) Impreso de solicitude, debidamente cumprimentado(Anexo I). b) Fotocopia do libro de familia no que figuren os membros da unidade familiar. c) Certificado de empadramento e convivencia (Expedirase de oficio por parte do Concello). d) Fotocopia compulsada do resguardo de matrícula escolar da persoa solicitante da bolsa ou no seu defecto certificado do centro escolar no que estea matriculado. e) Fotocopia da declaración da renda do exercicio 2019 de todos os membros computables da unidade familiar. f) Autorización para a o Concello de San Sadurniño poida solicitar datos á Axencia Tributaria relativos ao nivel de renda (IRPF) e ao cumprimento de obrigas tributarias (Anexo II). g) Certificado do expediente académico do curso anterior. h) Certificación da conta bancaria da persoa solicitante e/ou beneficiaria da bolsa onde se recibirá a bolsa. i) Declaración responsable individual de todos os membros da unidade familiar de estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria e coa Axencia Tributaria Galega (Anexo III). ARTIGO 6. SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN As solicitudes, asinadas polas persoas solicitantes ou polos representantes legais en caso de ser menor de idade, deberán formularse no modelo que figura como ANEXO I a estas bases, e deberá ir acompañada do resto da documentación

requirida segundo o tipo de bolsa solicitada. As solicitudes dirixiranse á Alcaldía e presentaranse presencialmente no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións públicas, durante o prazo de 30 días naturais, a contar dende o día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. ARTIGO 7. UNIDADE FAMILIAR A efectos destas bases reguladoras, considerarase que compoñen a unidade familiar: ① Pais e nais, non separados legalmente e, no seu caso, os titores/as ou persoas encargadas da garda e protección do/a menor. ② Os fillos e fillas menores de 26 anos que figuren no certificado de empadramento e convivencia. ③ Os fillos e fillas maiores de 25 anos con discapacidade física, psíquica ou sensorial igual ou superior ao 33% ou incapacitados xudicialmente. ④ Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes de cada un deles que convivan con eles e que reúnan as características anteriormente citadas. ⑤ No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva coa persoa solicitante da bolsa. En cambio, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva coa persoa solicitante da bolsa. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma ou convenio regulador onde conste a custodia do/a menor. ⑥ No caso de falecemento dalgún dos proxenitores do alumno/a que convivisen con el, a dita circunstancia acreditarase mediante achega do certificado de defunción. ARTIGO 8. RENDA ANUAL DA UNIDADE FAMILIAR A renda anual da unidade familiar será a suma do establecido na base liquidable xeral e na base liquidable do aforro que consten na/s correspondente/s declaración/s do IRPF do último exercicio presentado. Nos casos en que non exista obriga de presentar declaración do IRPF, tomaranse os datos reflectidos no certificado de renda emitido pola AEAT. En base aos datos do conxunto dos rendementos proporcionados neste certificado, restaranse as deducións e reducións especificadas, así como o conxunto de retencións aplicadas. Para ambos os dous casos, o Concello requirirá a dita documentación ás persoas solicitantes e poderá comprobar a citada información coa AEAT. Por este motivo, procederase á autorización ao Concello para obter da AEAT estes datos mediante a sinatura do modelo de solicitude por parte de todas as persoas membros da unidade familiar (cónxuxes, descendentes maiores de 18 anos e menores de 26, e descendentes maiores de 25 anos con minusvalía). ARTIGO 9. CRITERIOS DE VALORACIÓN Co fin de proceder á distribución do orzamento entre as solicitudes presentadas, os servizos técnicos do Concello valoraranas tendo en conta os seguintes criterios: 9.1.) Para as axudas dos gastos derivados dos servizos de conciliación prestados na Escola Infantil Municipal "A Rolada" darase a seguinte puntuación, en función da suma das tarifas mensuais que estean a aboar no momento da presentación da solicitude da axuda: Tarifa mensual Puntos Menos de 100 € Entre 100 e 124 € Entre 125 e 149 € Entre 150 e 174 € Entre 175 e 199 € Entre 200 e 224 € Entre 225 e 249 € Entre 250 e 274 € Entre 275 e 299 € 0 1 2 3 4 5 6 7 8 9.2.) Para o 2º Ciclo de Educación Infantil, por número de membros da unidade familiar, segundo o artigo 7: ① 1 punto por cada membro da unidade familiar ata un máximo de 5. 9.3.) Para os estudos posobrigatorios, por expediente académico, segundo o apartado 5 do artigo 3 Media da nota académica Puntos De 0 a 4,99 De 5 a 5,99 De 6 a 6,99 De 7 a 7,99 De 8 a 8,99 De 9 a 10 0 1 2 3 4 5 9.3.) Por nivel de renda, considerada segundo o establecido no artigo 8: Para os estudos regulados no artigo 5 Para as axudas reguladas no

artigo 2 - De 0 a 3.499 euros, 16 puntos - De 3.500 a 4.499 euros, 15 puntos - De 4.500 a 5.499 euros, 14 puntos - De 5.500 a 6.499 euros, 13 puntos - De 6.500 a 7.499 euros, 12 puntos - De 7.500 a 8.499 euros, 11 puntos - De 8.500 a 9.499 euros, 10 puntos - De 9.500 a 10.499 euros, 9 puntos - De 10.500 a 11.499 euros, 8 puntos - De 11.500 a 12.499 euros, 7 puntos - De 12.500 a 13.499 euros, 6 puntos - De 13.500 a 14.499 euros, 5 puntos - De 14.500 a 15.499 euros, 4 puntos - De 15.500 a 16.499 euros, 3 puntos - De 16.500 a 17.499 euros, 2 puntos - De 17.500 a 18.000 euros, 1 punto - De máis de 18.000 euros, 0 puntos - De 0 a 9.499 euros, 16 puntos - De 9.500 a 10.499 euros, 15 puntos - De 10.500 a 11.499 euros, 14 puntos - De 11.500 a 12.499 euros, 13 puntos - De 12.500 a 13.499 euros, 12 puntos - De 13.500 a 14.499 euros, 11 puntos - De 14.500 a 15.499 euros, 10 puntos - De 15.500 a 16.499 euros, 9 puntos - De 16.500 a 17.499 euros, 8 puntos - De 17.500 a 18.499 euros, 7 puntos - De 18.500 a 19.499 euros, 6 puntos - De 19.500 a 20.499 euros, 5 puntos - De 20.500 a 21.499 euros, 4 puntos - De 21.500 a 22.499 euros, 3 puntos - De 22.500 a 23.499 euros, 2 puntos - De 23.500 a 25.000 euros, 1 punto - De máis de 25.000 euros, 0 puntos

ARTIGO 10. CÁLCULO DAS CONTÍAS 10.1.) Para o cálculo das bolsas establecidas no artigo 2 das presentes bases aplicarase a seguinte fórmula: $Vp=5.000/Np$ 10.2.) Para o cálculo das bolsas establecidas no artigo 3 das presentes bases aplicarase a seguinte fórmula: $Vp=1.000/Np$ 10.3.) As bolsas establecidas no artigo 4 consistirá nunha axuda de 200 euros 10.4.) Para o cálculo das axudas establecidas no artigo 5 destas bases aplicarase a seguinte fórmula: $Vp=16.000/Np$ Vp: Valor en euros de cada punto Np: Suma dos puntos obtidos por todas as solicitudes A contía da axuda concedida será o resultado da multiplicación do valor de Vp polo número de puntos obtidos en cada solicitude.

ARTIGO 11. CONCESIÓN DA BOLSA No suposto de que a documentación non cumpra cos requisitos esixidos ou que a documentación achegada teña erros ou sexa insuficiente, requirirase á persoa solicitante que no prazo de 10 días naturais emende a falta e aporte os documentos preceptivos, con indicación de que de así non o fixer, de conformidade co establecido no art. 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, considerarase desistido da súa petición, previa resolución, que será ditada nos termos previstos no seu art. 21. Unha vez rematados os respectivos prazos de presentación, os servizos técnicos do Concello procederán á valoración dos expedientes. Asemade, realizarán cantas actuacións estimen necesarias para determinar os datos económicos da unidade familiar e comprobar que a información recibida por parte da persoa solicitante é certa, para formular as propostas de resolución. Asemade, poderase requirir polo Concello a presentación da documentación oficial acreditativa relativa a aqueles aspectos que se estimen oportunos, para xustificar ingresos non declarables ou calquera outra circunstancia a ter en conta. De seguido, os expedientes, cos informes pertinentes, e logo da súa fiscalización por parte da intervención municipal, a Xunta de Goberno Local emitirá unha proposta de concesión das bolsas e axudas, que se comunicará debidamente ás persoas interesadas, de forma que poidan interpor reclamacións que consideren oportunas durante un prazo de 10 días naturais. Unha vez transcorrido o prazo anterior a Xunta de Goberno Local, logo de resolver as reclamacións que puidera haber, aprobará a resolución definitiva, que será igualmente comunicada ás persoas interesadas.

ARTIGO 12. PAGAMENTO DA BOLSA 12.1.) Pagamento das bolsas por estudos posobrigatorios, obrigatorios e de 2º ciclo de Educación infantil: O pagamento das axudas realizarase, pola cantidade correspondente, á persoa solicitante, mediante transferencia bancaria ó seu nome na conta que acheguen coa solicitude.

13.2.) *Pagamento das axudas para os gastos de conciliación: As axudas para os gastos derivados dos servizos de conciliación prestados na Escola Infantil Municipal "A Rolada" calcularanse tendo en conta que son por curso completo e pola suma das tarifas que se están a aboar no momento da solicitude desta axuda. En caso de se produciren alteracións, pasadas ou futuras, nestas condicións (redución no número de meses contratados ou da suma das tarifas indicada inicialmente) a contía da axuda reducirase proporcionalmente. Unha vez obtido o cálculo da axuda máxima que obtería, o Concello dividirá o importe total entre o número de meses do curso, obtendo unha cantidade máxima mensual de axuda. Con estes datos procederase a aboar, mediante transferencia bancaria na conta que se indique na solicitude, o importe correspondente á cantidade máxima mensual dos meses de servizo efectivamente prestados ata o momento da resolución, tendo en conta que se a suma das tarifas dos meses xa aboados fose inferior á suma indicada no momento da solicitude, a cantidade máxima mensual verase reducida de forma proporcional. O resto de meses, ata o remate do curso, o Concello procederá a aboar mensualmente, mediante transferencia bancaria, a parte correspondente a cada mes efectivamente cursado, tendo en conta, igualmente, que se a suma das tarifas dos meses xa aboados fose inferior á suma indicada no momento da solicitude, a cantidade máxima mensual veríase reducida de forma proporcional. No caso de solicitudes de menores que aínda non comezaron na Escola Infantil Municipal "A Rolada" pero que xa teñan aceptada e notificada a praza por parte do Concello, procederáselle ao abono da cantidade concedida sempre e cando formalice a matrícula definitiva e dende o mes que inicie a súa asistencia na Escola Infantil Municipal "A Rolada", cos mesmos criterios e tempos de abono especificados nos parágrafos anteriores. ARTIGO 14. XUSTIFICACIÓN As axudas concedidas ao abeiro das presentes bases, poderán ter que ser xustificadas nos termos establecidos na lexislación vixente. Por este motivo será necesario que as persoas beneficiarias conserven os documentos probatorios (facturas) dos gastos financiados coa presente convocatoria de bolsas e axudas. O Concello facilitará e comunicará á AEAT, no seu caso, o contido deste expediente. ARTIGO 15. INTERPRETACIÓN DAS BASES E NORMATIVA SUBSIDIARIA A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para interpretar o contido das presentes bases. En todo caso, para o non previsto nestas bases, aplicaranse as normas xerais contidas nas bases de execución do orzamento xeral do Concello de San Sadurniño do 2019, o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da antedita lei, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable."*

*Antes de expoñer a proposta, sométese a **votación sobre a inclusión do asunto na orde do día** cun resultado de sete (7) votos a favor dos concelleiros e concelleiras presentes do BNG e do PSOE e tres (3) votos en contra das concelleiras e concelleiro do PP.*

A voceira do BNG expón a proposta.

O Sr. Rodriguez non ten nada que obxectar.

A Sra. Díaz manifesta que apoian indiscutiblemente a proposta xa que foi seu grupo o que instou a mesma ó inicio do curso. Aínda así propoñen unha serie de propostas que poderían ser mellorables. Consideran insuficiente a contía adicada ós pequenos de educación infantil. Propoñen que se suba a renda da unidade familiar para que máis familias poidan optar ás axudas. A adaptación das familias ós novos requisitos da educación en liña supuxo un custo por encima do previsto polo que considera que esa contía debería ser maior e o baremo dos 9000 euros de renda familiar debería aumentarse para que un número maior de familias poida optar ás axudas. Por outra banda, propoñen que non se limite que os nenos están matriculados nos concellos limítrofes ou no concello de San Sadurniño. Non entenden a limitación de cara os nenos matriculados noutros Concellos por motivos de conciliación.

Debería ser avaliado o requisito teña dereito a ser beneficiario das axudas da Xunta, xa que pode ocorrer que unha familia, por despiste non as solicitara tendo dereito a elas e por este motivo queda excluído das axudas do Concello a persares de cumprir cos requisitos para acceder a ella.

A voceira do BNG aclara que cando un grupo que ademáis aspira a gobernar un concello e que participa das propostas do grupo de goberno, cando teñen carácter constructivo, cando menos, si se fai unha xunta de voceiros na que están representados todos os grupos, hai oportunidade de facelas chegar. Isto non sucedeu.

Estas axudas á educación pretenden ser un reforzo doutras axudas das que debería ter o alumnado. E un esforzo do Concello en relación a un ámbito no que non ten a competencia. O ideal sería ter capacidade económica para axudar a todos.

En relación ó segundo ciclo de educación infantil puntualiza que se beneficiarán de máis fondos dos que percibirán da Xunta de Galicia xa que este non entra no cheque.

Decidiuse incluír este segundo ciclo de educación infantil e son conscientes do esforzo que tiveron que facer as familias. De feito recolleuse na planificación orzamentaria do 2021, que xa existía no ano 2020.

As bases se adaptan á capacidade do concello e ás necesidades de financiación das familias. Comprenden que o esforzo das familias é moito maior tanto nas ensinanzas obrigatorias coma post obrigatorias, sendo conscientes da discriminación que sofre o alumnado do CPI por exemplo en relación os dereitos de transporte para desplazarse e continuar a súa formación. Evidentemente sería posible valorar outros niveis de renda dentro desta partida, movendo os niveis de renda se xoga coas partidas e se decide onde se destinan máis cartos. Se priorizou aqueles grupos de alumnado ós que se lles exixiu un esforzo maior en canto á adaptación ás circunstancias se refire.

Sometido finalmente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade, **acorda aprobar as bases da convocatoria para a concesión de axudas escolares e becas de estudo para o ano 2021.**

QUINTO.- APROBACIÓN DE DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO 8 DE MARZO.

Consta no expediente a seguinte proposta.

“Este 8 de marzo de 2021 as mulleres facemos folga porque a pesares dos avances que se produciron nos últimos anos se algo demostrou a crise sanitaria sen precedentes que estamos a vivir é a importancia da nosa forza para soste-lo presente, pero tamén a profunda desigualdade do sistema económico e social, e temos a obriga de continuar coas actuacións políticas que centren os seus obxectivos na consecución de maiores cotas de igualdade e que repercutan claramente na mellora da nosa posición en todos os ámbitos.

A pandemia fixo visible o papel esencial das mulleres para o sostemento da vida e aqueles traballos esenciais para a sociedade. Estes empregos están ocupados maioritariamente por mulleres e son, ademais, os máis precarios e invisibilizados, moitos deles mesmo sen cobertura legal. As caixeiros, as limpadoras, as traballadoras domésticas, as coidadoras de diferentes ámbitos, as sanitarias, etc... foron visibles no comezo desta crise e aparentemente recoñecidas social e institucionalmente. Porén, un ano despois as súas condicións laborais, económicas e sociais non melloraron, senón ao contrario. Hoxe estes sectores sofren un maior impacto pola precariedade das súas condicións e a carencia dun sistema público de servizos básicos forte

A crise da Covid-19 deixou en Galicia unha destrución de 21.000 empregos dos que 15.900 estaban ocupados por mulleres. Así mesmo, a fenda salarial continúa a superar o 20% e ten tamén o seu impacto na fenda das pensións. Unha situación agravada por esta crise, que continuará empeorando de non tomarse medidas contundentes encamiñadas a que a reactivación económica e social non se desenvolva a costa das mulleres.

Hai un ano o feminismo galego tomaba as rúas baixo o lema “sen coidados non hai vida” e a pandemia demostrou o seu acerto. Porén, un ano despois a situación non mellorou e hoxe son máis as mulleres precarizadas e as que tiveron que asumir de balde traballos de coidado que deberan estar cubertos polos servizos públicos. A actual crise ten un impacto enorme en sectores amplamente feminizados (coidados, servizos, comercio, sanidade, alimentación...) e foron os sectores protagonizados por mulleres os que máis riscos asumiron. Así mesmo, a violencia contra as mulleres segue presente e hai un enorme retroceso na súa visibilidade, ademais de enormes dificultades para romper coa espiral de violencia derivadas das restricións sanitarias e das dificultades para acceder a servizos e ter contacto social.

Nesta liña afonda a “Resolución del Parlamento Europeo, de 21 de xaneiro de 2021, sobre la estratexia de la Unión para la igualdade de xénero” na que se recolle que o 80 % das persoas coidadoras asistenciais na Unión o son como coidadores informais, na súa maioría mulleres (75 %), o que repercute gravemente na fenda de xénero en materia de pensións. Entre o 7 % e o 21 % dos coidadores informais reducen as súas horas de traballo e entre o 3 % e o 18 % acaban abandonando o mercado laboral. A fenda salarial de xénero na Unión é do 16 %, incrementándose ata o 40 % cando se teñen en conta as taxas de emprego e a participación xeral no mercado laboral, que inevitablemente isto repercute nas pensións onde a fenda é do 37

% Do mesmo xeito a participación no traballo a tempo parcial é moi desigual (o 8 % dos homes fronte ao 31 % das mulleres), o que revela unhas desigualdades persistentes cuxas causas de fondo deben de ser abordadas.

Tamén fai referencia ás mulleres das zonas rurais, mulleres que nos atopamos cun maior número de barreiras que condicionan as nosas oportunidades e calidade de vida: menos e máis restrinxidas oportunidades de emprego, maior illamento e distancia que aumentan as dificultades de acceso a servizos públicos, condicionan o acceso á educación e á atención sanitaria. Mulleres que estamos infrarepresentadas nos foros de toma de decisións, con escasa visibilidade no rol do desempeño do noso traballo, o que da lugar á falta de recoñecemento do noso aporte á vida económica e social nas vilas e aldeas.

Durante o mes de marzo imos levar a cabo unha acción para proporcionar ferramentas de empoderamento, crecemento persoal das mulleres así como tamén facer unha homenaxe a través das redes a todas aquelas mulleres de San Sadurniño que cada veciño ou veciña considere que merece o seu recoñecemento.

Queda moito que mellorar, moito por facer, moito por traballar e confiamos que cando estea en funcionamento a rede de concellos pola igualdade sexa unha ferramenta moi útil para a coordinación e a posta en marcha actuacións conxuntas, medidas de acción, intervención, formación e proxectos que contribúan desde a colaboración institucional e coas entidades do territorio, a mellorar o obxectivo dun maior impacto nas accións que se desenvolvan no territorio.

Por todo o exposto, a corporación de Goberno do Concello de San Sadurniño

Acorda:

-Expresar e recoñecer as convocatorias do feminismo galego que neste 2021 colocan no centro do debate os coidados e as consecuencias para as mulleres do sistema económico, social e político no que vivimos, agravadas polo impacto da pandemia da covid-19.

-Recoñecer e apoiar ao feminismo galego polo seu impulso e traballo a favor da igualdade real no seu labor durante todo o ano así como a todas as traballadoras, que dende os recursos especializados fan posible a mellora das condicións de vida de toda a sociedade galega en xeral, e das mulleres galegas e das súas familias en particular”.

-Reafirmar o noso compromiso en poñer a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes nun lugar central dentro da política pública (económico, social, laboral etc.) de modo que a perspectiva de xénero se incorpore a todos os niveis e en todas as etapas, creando as condicións necesarias que permitan dinamizar as políticas de igualdade. Así como seguir apostando polas políticas de conciliación como as que se están levando acabo (Aldea de Verán,

Escola Infantil Municipal ou o Servizo de Canguraxe ofertado na metade da pandemia) e as de corresponsabilidade e sensibilización levadas a cabo no CPI (Programa de Igualdade, Habilidades sociais, Afectivo Sexual) ou para publico en xeral (Memoria Activa, Tempos para Compartir, charlas/coloquio...) para así poder acadar un mundo máis igualitario.

“Sobre todo los que escriben y se tienen por graciosos, no dejan pasar nunca la ocasión de decirte que las mujeres deben dejar la pluma y repasar los calcetines de sus maridos, si los tienen, y si no, aunque sean los del criado”. Rosalía de castro (Las literatas. Cartas a Eduarda 1865)”

Antes de iniciar o debate da proposta sométese a **votación sobre a inclusión do asunto na orde do día** cun resultado de sete (7) votos a favor dos concelleiros e concelleiras presentes do BNG e do PSOE e tres (3) votos en contra das concelleiras e concelleiro do PP.

A voceira do BNG expón a proposta de declaración institucional e os acordos que se propoñen.

O Sr. Rodriguez mostra o seu acordo.

A Sra. Trigo sinala que dende o seu partido político, xa en novembro, mostraron a súa disposición de transmitir as súas ideas de cara a este tipo de declaracións e entenden que os correos electrónicos e mensaxes son eficaces pero agradecerían algunha chamada de teléfono ou unha xuntanza para falar máis detidamente e con máis antelación.

Sometido finalmente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade, **acorda aprobar a declaración institucional polo 8 de marzo.**

SEXTO.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A TRANSFERENCIA DA AUTOVÍA AP-9 A GALIZA.

Consta no expediente a seguinte moción presentada polo BNG.

“Moción sobre a Transferencia da AP9 a Galicia

Exposición de motivos:

A AP9, a autoestrada do atlántico, é a principal arteria de comunicación de Galiza, unha vía estratéxica que cruza o país de norte a sur, articulando un territorio no que se asenta máis do 70% da poboación e a meirande parte da actividade económica do país.

A pesar da súa importancia estratéxica, esta infraestrutura ten unhas tarifas desorbitadas que teñen que soportar a diario arredor de 22.000 galegos e galegas. Esta peaxe abusiva é un verdadeiro laste para a economía das persoas e das empresas do noso país.

A historia da AP9 é a crónica dunha discriminación con Galiza, que nos ten costado miles de millóns de euros en peaxes.

Cómpre lembrar que a concesión desta autoestrada remataba en 2013, e que, se aínda temos que seguir pagando polo seu uso, é poque esta foi ampliada por parte dos distintos gobernos do Estado -dez anos polo goberno de Felipe González en 1994 e 25 anos por parte do goberno de José María Aznar en 2000-. A maiores, en 2003, o goberno de Aznar vendería co beneplácito da Xunta – da que era Conselleiro de Ordenación do Territorio, o actual Presidente, Núñen Feixóo-, a autoestrada por un prezo ridículo.

Como consecuencia destas decisións políticas, hoxe Galiza conta non só cunha das autoestradas máis caras do Estado senón tamén coa concesión máis longa posíbel, 75 anos, até 2048. Así, mentres na Galiza pagamos as peaxes máis caras, a práctica totalidade das autoestradas do Estado ou son de balde ou serán en berve. O que supón un forte impacto económico para as arcas de miles de traballadores e traballadoras e un lastre á competitividade das nosas empresas é, á súa vez, un sucumento negocio para a empresa concesionaria, que en 2019 recadou 153 millón de euros, uns 420000 euros diarios.

A loita social e insitucional para poñer fin a este abuso ven de lonxe. En abril de 2016, o Parlamento de Galiza aproba por unanimidade, a instancias do BNG, a Lei para a transferencia da AP9 a Galicia, que sería vetada pola Mesa do Congreso o 13 de decembro dese mesmo ano. O mesmo veto tería o novo proxecto de Lei impulsado polo BNG a comezos do 2017 e aprobado polo parlamento galego en maio de 2017.

Quedaba claro que se trataba dun veto político, disfrazado de razóns técnicas e orzamentarias. E para deixalo máis ecidente, ao tempo que se vetaba a transferencia e o rescate da AP9, o goberno do Estado aprobaba a principios do 2018 o rescate de 8 autoestradas de peaxe ruinosas, entre ellas as radiais madrileñas. Unha decisión que tería un custo para as arcas do Estado de máis de 4000 millóns de euros. Non había diñeiro público para rescatar a AP9, mais si o había para salvar as constructoras e á banca que construíron e xestionaron autoestradas ruinosas.

Por fin, o 2 de febreiro do presente ano, o Congreso aproba, por ampla maioría, a toma en consideración da Lei de Transferencia de Tituladidade e Competencias da Autoestrada AP9.

Desde o BNG consideramos que a transferencia é un primeiro paso para acabar cunha discriminación histórica, e é necesario que se realice libre de cargas, que sexa rescatada polo Estado de igual maneira que se rescataron no seu día as radiais madrileñas.

Mentres a tramitación desta Lei non conclúa -algo que debería ter lugar no actual período de sesións-, é preciso que se efectivice canto antes a rebaixa das peaxes da AP9, comprometidos no acordo de investidura do BNG. Unhas rebaixas históricas só pendentas de efectivizarse, e para o que o goberno do Estado dispón de 54,9 millóns de euros nos orzamentos do 2021.

Por todo o exposto o Pleno do Concello propóñense os seguintes acordos:

- 1. Instar á mesa do Congreso e as forzas políticas con representación nesa institución a aprobar definitivamente a lei de Transparencia da AP9 a Galiza no actual período de sesións.*
- 2. Instar ó Goberno do Estado a facer efectiva de xeito inmediato a rebaixa das peaxes da AP9."*

*Antes de expoñer a proposta, sométese a **votación sobre a inclusión do asunto na orde do día** cun resultado de sete (7) votos a favor dos concelleiros e concelleiras presentes do BNG e do PSOE e tres (3) votos en contra das concelleiras e concelleiro do PP.*

A voceira do BNG expón a proposta.

O Sr. Rodríguez sinala o seu acordo co argumentado. Xa no 2018 se desbloqueou, despois de varios anos de bloqueo polo goberno central, a tranferencia ou polo menos a tramitación parlamentaria. Proba de que o psoe está pola labor de mellorar neste eido, nos orzamentos xerais do estado figura unha partida para mitigar ese problema e que agora mesmo atópase en

tramitación parlamentaria esa transferencia da infraestrutura. Está de acordo coa moción e que os prezos se axusten ó establecido a media do Estado e a longo prazo a liberización total.

A Sra. Trigo sinala que están de acordo coa proposta pero propoñen unha enmenda ó primeiro punto o que propoñen engadir o seguinte “cos recursos necesarios para acometer as obras pendentes e a financiación comprometida e garantir a súa axeitada xestión”. Por outra banda, xa se expuxo noutras ocasión e se defendeu por outros partidos e sorpréndelle as declaracións do Sr. Rodriguez xa que no 2008 o goberno bipartito votou en contra disto. Están de acordo coa proposta.

O Sr. Alcalde sinala que se acepta engadir a enmenda proposta.

Sometido finalmente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade, **acorda aprobar a moción sobre a transferencia da autovía AP-9 á Galicia.**

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as trece horas e trinta e oito minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O Alcalde,

O Secretario - Interventor